



Ast.º: Certificado decreto da adxudicación provisional
Ref.ª: Expdte. O. 15/09 (10)

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día catorce de outubro de dous mil dez (14.10.2010) o sr. Presidente adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente O.15/09 (10) incoado para a contratación das obras de "Rebaixe e consolidación da explanada do parque comarcal de bombeiros de Carballo" (segundo o documento técnico redactado polo Arquitecto técnico D. José Antonio González del Oso, colexiado núm. 1.534), aprobado en resolución desta Presidencia do 26 de agosto de 2010 e atendidos os seguintes

a n t e c e d e n t e s :

1. Que ao amparo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o expediente se tramita de xeito ordinario e mediante procedemento negociado sen publicidade, xustificando este extremo, en que o prezo do presuposto do contrato, segundo o proxecto técnico das obras, non supera a contía establecida polo art. 155.d) en relación co art. 161.2) LCSP, resultando ser inferior ao que estas disposicións establecen como límite máximo para utilizares este procedemento (155.d) sen publicidade (161.2).
2. Que, en consonancia co anterior e tal como reflicte a cláusula 2ª do prego de administrativas particulares o prezo da licitación do contrato (coa partida do I.V.E. excluído), ascende á cantidade de 64.510,57€ (sesenta e catro mil cincocentos dez euros con cincuenta e sete céntimos).
3. Que constan no expediente que se cursaron tres invitacións e que foron recibidas por empresarios capacitados tal e como require a Cláusula 10ª do prego de administrativas particulares e que rematado o prazo para a presentación, unicamente presentouse unha oferta.
4. Que, de conformidade con indicado prego, establececese na súa cláusula 17ª que o único criterio a ter en conta no procedemento de adxudicación, é a mellora no prezo do contrato reflectido na cláusula 2ª.1.
5. Que realizada a apertura formal da documentación administrativa e económica, considerouse a mesma conforme co requirido polas cláusulas 10ª, 11ª e 12ª do prego de administrativas particulares que rexe no expediente, sendo tamén, que oferta económica mellora á baixa o tipo de licitación.

Sobre a base do expediente tramitado e unha vez realizada formalmente a apertura das ofertas tal e como queda indicado nos antecedentes, en aplicación do establecido na cláusula 15ª.2 e concordantes do prego de cláusulas administrativas citado así como en relación coa Disposición adicional segunda da indicada Lei de Contratos do Sector Público, mediante o presente

R E S O L V O :

1º. Aprobar o proceso de licitación realizado por entender que o mesmo queda axustado ao establecido nas cláusulas 10ª e seguintes do prego de administrativas particulares que rexe no expediente O. 15/09 (10), aprobado por esta Presidencia mediante resolución contida no decreto de data 26 de agosto de 2010.

2º. Tendo en consideración que a tenor do disposto na cláusula 17ª do referido prego o prezo constitúe o único criterio de negociación no procedemento, adxudicar provisionalmente o contrato para a execución das obras comprendidas no Expediente O. 15/0 (10) a "CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES



GERMÁN MOUZO, S.L.", polo prezo por este ofertado que mellora á baixa o tipo máximo de licitación, e que ascende, segundo a dita oferta, á contía de 64.406,78€ (sesenta e catro mil catrocentos seis euros con setenta e oito céntimos), máis a partida correspondente ao I.V.E., consonte ao seguinte:

	CIFRA	LETRA
Prezo base ofertado	64.406,78€	Sesenta e catro mil catrocentos seis euros con setenta e oito céntimos.-
Imposto sobre o valor engadido (18%)	11.593,22€	Once mil cincocentos noventa e tres euros con vinte e dous céntimos.-
Total ofertado incluído o I.V.E.	76.000,00€	Setenta e seis mil euros con cero céntimos.-

2º. En concordancia co disposto na Cláusula 16ª do prego de administrativas particulares, o sinalado adxudicatario provisional deberá presentar dentro do prazo máximo dos **quinze días hábiles** desde o seguinte ao da publicación do resultado da adxudicación provisional no perfil do contratante, a documentación requirida na indicada cláusula incluíndo a **garantía definitiva** polo importe de 3.220,34€ (Cláusula 13ª do prego citado.).

3º. Contra o presente acto administrativo comprensivo da adxudicación provisional do contrato comprendido no Expdte. O. 07.09C/10, e que de conformidade coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, é firme na vía administrativa, poderá interpoñerse polos licitadores, ante a Presidencia, e de forma potestativa, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da dita adxudicación e, nese caso, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (art. 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común).

O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

- a) De dous meses desde o día seguinte o da notificación da resolución expresa do recurso de reposición.
- b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Caso de non interpoñer o dito recurso potestativo, poderse interpoñer, directamente, o recurso contencioso - administrativo ante o Ilmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses a partires do día seguinte ao da recepción da notificación da adxudicación provisional (todo isto, consonte ao establecido pola Disposición Adicional décimo carta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, e arts. 46.4 e 116.2 desta última).

4º. Publíquese certificación da presente resolución no perfil do contratante, notifíquese aos interesados, en especial, ao adxudicatario provisional e emítase, finalmente, a correspondente certificación para a súa unión co expediente O. 15/09 (10) do que trae causa.

<<Rematado (...)>>

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e praxe do Ilmo. sr. presidente, en Carballo, a catorce de outubro de dous mil dez.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez